

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 19.12.2025

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. Javier Tourís Romero

VOGAIS: D. Marcos Guisasola Padín, en substitución de D^a. Luisa María
Sánchez Méndez

D^a. Paula Bouzós Barros, en substitución de D. Rafael Domínguez
Artime

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Jesús Vázquez Almuíña

D^a. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D^a. María Ortega Iñarrea, en substitución de D^a. Beatriz Lomba
Rodríguez

D^a. María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as dez horas e corenta minutos do día dezanove de decembro do ano dous
mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba
relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero.
Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Medio Ambiente D^a Concepción López
Paz.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do
Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expediente 2025075319)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 47MKPEY8CVQBT8U6), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinteún de novembro do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2. Ditaminar a adhesión da Deputación Provincial de Pontevedra a NECSTouR (Rede Europea de Rexións polo Turismo Sustentable e Competitivo). (Expediente 2025074555)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación, a proposta de ditame co seguinte teor literal:

EXPEDIENTE	2025074555
ASUNTO	ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE a NECSTouR (Rede Europea de Rexións polo Turismo Sustentable e Competitivo)
TRÁMITE	PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Visto o informe técnico de aliñamento entre a Estratexia de Turismo Rías Baixas 61 e os Principios da declaración de Barcelona (Necstour) de 12 de novembro de 2025 realizado pola Xefa do Servizo de Turismo con CSV):FQ6N23OZCEKY9R7R; e visto o informe proposta tamén do 12 de novembro da xefa de servizo e conformado pola Directora de Turismo e o Deputado delegado de Turismo, sobre a "ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA a NECSTouR (Rede Europea de Rexións polo Turismo Sustentable e Competitivo)

Resultando que constan no expediente informes favorables de Secretaría e de Intervención, de data 13 de novembro de 2025 e 14 de novembro de 2025, respectivamente.

Considerando que a competencia para a adhesión a organizacións asociativas corresponde ao Pleno da corporación provincial, mediante voto favorable da maioría



absoluta do número legal de membros, segundo o disposto no artigo 47.2.g) da LRBRL.

Considerando que, en cumprimento do disposto no artigo 123 do ROF, o asunto deberá ser sometido a ditame da comisión informativa previamente á adopción do acordo polo Pleno da corporación.

PROPONSE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO

Ditaminar o expediente e, en consecuencia, elevar ao órgano competente, a aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Pontevedra á “ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA a NECSTouR (Rede Europea de Rexións polo Turismo Sustentable e Competitivo)”.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente ditamina favorablemente cos votos a favor das/dos deputadas/os do grupo provincial do PP (9) e do grupo provincial do PSdeG-PSOE (6) e abstención do grupo provincial do BNG (2).

3. Ditaminar a adhesión da Deputación Provincial de Pontevedra ao “SPAIN CONVENTION BUREAU” (Expediente 2025056690)

EXPEDIENTE	2025056690
ASUNTO	ADHESIÓN DE TURISMO RÍAS BAIXAS-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO SPAIN CONVENTION BUREAU
TRAMITE	PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Visto o informe sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 51 das Normas del SCB (SPAIN CONVENTION BUREAU) de 14 de agosto de 2025 realizado pola técnica de turismo con (CSV):3C3W3BMR08QL6HKX; e visto o informe proposta tamén do 14 de agosto conformado pola Directora de Turismo e o Deputada delegada de Turismo con (CSV):1N75IA9VAWAIU3T5, sobre a “ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO SPAIN CONVENTION BUREAU.



Resultando que constan no expediente informes favorables de Secretaría e de Intervención, de data 10 de setembro de 2025 e 13 de novembro de 2025, respectivamente.

Considerando que a competencia para a adhesión a organizacións asociativas corresponde ao Pleno da corporación provincial, mediante voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros, segundo o disposto no artigo 47.2.g) da LRBRL.

Considerando que, en cumprimento do disposto no artigo 123 do ROF, o asunto deberá ser sometido a ditame da comisión informativa previamente á adopción do acordo polo Pleno da corporación.

PROPONSE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO

Ditaminar o expediente e, en consecuencia, elevar ao órgano competente, a aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Pontevedra á “ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO SPAIN CONVENTION BUREAU

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente ditamina favorablemente cos votos a favor das/dos deputadas/os do grupo provincial do PP (9) e do grupo provincial do PSdeG-PSOE (6) e abstención do grupo provincial do BNG (2)

4. Dar conta da aprobación provisional do proxecto europeo POCTEP, titulado “ESTRATEGIA INNOVADORA TRANSFRONTERIZA PARA A PROTECCIÓN DE CASTIÑEIRO ANTE OS DESAFÍOS CLIMÁTICOS E BIOLÓXICOS (CHESTNUTCARE). (Expediente 2025013698)

“DAR CONTA DA APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO EUROPEO POCTEP, TITULADO “ESTRATEGIA INNOVADORA TRANSFRONTERIZA PARA A PROTECCIÓN DE CASTIÑEIRO ANTE OS DESAFÍOS CLIMÁTICOS E BIOLÓXICOS (CHESTNUTCARE). EXPEDIENTE 2025013698.

Na Sexta Convocatoria do Programa de Cooperación Territorial España – Portugal 2021-2027, cofinanciado polo FEDER ao 75% , que ten como obxectivo seleccionar proxectos transfronteirizos de alta calidade, nos que organizacións relevantes



traballen de forma conxunta para axudar ás rexións para afrontar desafíos comúns, a Deputación de Pontevedra presentou unha candidatura a través do servizo Estación Fitoaptolóxica Areeiro co proxecto “Estratexia innovadora transfronteiriza para a protección de castiñeiros ante os desafíos climáticos e biolóxicos- CHESTNUT CARE”.

Este proxecto representa unha oportunidade para o establecemento dun sistema de alerta temperá para a detección das pragas nos castiñeiros da eurorrexión e, en consecuencia, unha mellora da competitividade do sector.

As actuacións previstas son:

- Investigación, diagnóstico e coordinación de accións transfronteirizas.*
- Implementación de estratexias para o muestreo de masas de castaño con tecnoloxías innovadoras.*
- Xestión fitosanitaria transfronteiriza dirixida á conservación e mellora dos castiñeiros como ben económico, sociocultural e natural da Eurorrexión.*
- Transferencia de Coñecemento ao Sector do castiñeiro.*

O Comité Territorial da Área de Cooperación 1 - Galicia - Norte de Portugal do Programa de Cooperación Interreg VI-A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027, acordou na súa reunión do 04/11/2025 propoñer a aprobación da candidatura deste proxecto CHESTNUTCARE, da que a Deputación de Pontevedra é Beneficiario Principal.

O período de execución do proxecto é de 36 meses, dende a 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2028.

O coste total elegible é de 372.228,61 €, cunha cofinanciación do 75% da Deputación de Pontevedra (930.057,15 €).

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica'

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.



5. Dar conta da finalización do programa Voando nas Rías Baixas 2025

ASUNTO: DAR CONTA DA FINALIZACIÓN DO PROGRAMA VOANDO NAS RÍAS BAIXAS 2025

Durante o ano 2025 levouse a cabo unha nova edición do programa Voando nas Rías Baixas co obxectivo de contribuír á conservación e á posta en valor dos recursos naturais e ao desenvolvemento turístico e económico das zonas de alto valor ecolóxico, na súa maioría con figuras de protección tan importantes coma a Rede Natura 2000, a través da observación e do coñecemento das distintas especies de aves, o que proporciona, ademais, unha sensibilidade e conciencia ambientais.

O programa levou a cabo as seguintes rutas ornitolóxicas, nas cales puideron participar un total de 175 persoas:

	<i>Ruta ornitolóxica</i>	<i>Concello/s</i>	<i>Día actividade</i>
1	<i>A Foz da Ramallosa e praia América</i>	<i>Nigrán</i>	<i>02.02.25</i>
2	<i>Costa sur da ría de Arousa</i>	<i>Cambados e Vilanova de Arousa</i>	<i>09.03.25</i>
3	<i>As Brañas de Xestoso</i>	<i>Forcarei e Silleda</i>	<i>25.05.25</i>
4	<i>Praia da Lanzada</i>	<i>O Grove e Sanxenxo</i>	<i>22.06.25</i>
5	<i>Campos e lagoas de Rouxique</i>	<i>Sanxenxo</i>	<i>28.09.25</i>
6	<i>Esteiro do río Lérez e Intermareal Combarro-Lourido</i>	<i>Pontevedra e Poio</i>	<i>09.11.25</i>
7	<i>Enseada de San Simón</i>	<i>Vilaboa, Soutomaior e Pontevedra</i>	<i>14.12.25</i>

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

6. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por finalizada a reunión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

